

ASUNTO PLE/2023/00030538K

ACTA NÚM. 14 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA TRECE DE XULLO DE 2023.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **09:00 horas** do día **13 de xullo de 2023**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

ASISTEN:

Dona Goretti Sanmartín Rei, Alcaldesa-Presidenta

BNG

Dona Míriam Louzao Fernández
Don Xesús Domínguez Domínguez
Dona Pilar Lueiro García
Don Manuel César Vila
Don Iago Lestegás Tizón

CA

Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández

PP

Don Borja Vereza Fraiz
Dona María Baleato González
Dona Yolanda Otero Balsa
Don José Antonio Constenla Ramos
Dona Olaya Otero Sanjurjo
Don José Ramón de la Fuente Rodríguez
Dona Nerea Barcia Guldrís
Dona María Rosario Ferreiro Varela
Don Adrián Villa Torres
Don Borja Rubio Somoza

PSdeG-PSOE

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona Marta Abal Rodríguez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Álvarez Vázquez.

Don Juan Ramón González Carnero, interventor municipal.

Don José Manuel González García, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Non asiste o concelleiro Don Evaristo Ben Otero.

ORDE DO DÍA:

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00030538K.

Ratificación da inclusión dos asuntos que continuación se relacionan na orde do día da sesión.

2. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2023/00029249C.

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e abono dunha indemnización substitutiva, pola liquidación dos gastos correspondentes ao servizo de transporte urbano de viaxeiros da liña urbana entre a Porta do Camiño e a Peregrina e Grixoa, do ano 2022, por importe de 263.090,76 €, a favor de Autos Carballo S.L.U.

3. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2023/00029280M.

Aprobar o expediente de recoñecemento de débeda e abono dunha indemnización substitutiva, pola liquidación dos gastos correspondentes ao servizo de transporte urbano de viaxeiros da liña urbana entre a rúa da Rosa e o Polígono do Tambre, do ano 2022, por importe 69.370,34 €, a favor de Autos Garabanxa S.L.

4. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2023/00029215D.

Aprobar o expediente de recoñecemento de débeda e abono dunha indemnización substitutiva pola liquidación dos gastos correspondentes ao servizo de transporte urbano de viaxeiros da liña entre Santiago e Vilvestro, do ano 2022, por importe de 99.464,78. €, a favor da empresa Hermanos Ferrín S.L.

5. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2023/00030395Q.

Aprobar o expediente de recoñecemento de débeda e abono dunha indemnización substitutiva, pola liquidación dos gastos correspondentes ao servizo de transporte urbano de viaxeiros da liña 6 entre San Roque e Aríns, do ano 2022, por importe de 46.661,45 €, a favor de Autocares Rias Baixas S.L.

6. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2023/00030363F.

Aprobar o expediente de recoñecemento de débeda e abono dunha indemnización substitutiva, pola liquidación dos gastos correspondentes ao servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros do ano 2022, por importe de 374.526,09 €, a favor de “Autobuses Urbanos de Lugo y Trap, S.A., UTE Lei 18/1982”.

Cumpriméntase así:

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00030538K.

RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN DOS ASUNTOS QUE CONTINUACIÓN SE RELACIONAN NA ORDE DO DÍA DA SESIÓN.

Por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras asistentes ratifícase a inclusión dos asuntos que a continuación se relacionan na orde do día da sesión.

Despois da votación deste asunto incorpórase á sesión o concelleiro do grupo municipal do BNG don Xesús Domínguez Domínguez.

2. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2023/00029249C.

APROBAR O EXPEDIENTE DE RECOÑECAMENTO EXTRAXUDICIAL DE

CRÉDITO E ABONO DUNHA INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA, POLA LIQUIDACIÓN DOS GASTOS CORRESPONDENTES AO SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO DE VIAXEIROS DA LIÑA URBANA ENTRE A PORTA DO CAMIÑO E A PEREGRINA E GRIXOA, DO ANO 2022, POR IMPORTE DE 263.090,76 €, A FAVOR DE AUTOS CARBALLO S.L.U.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

Vistos os informes emitidos polo Director Xerente da Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, S.A. con data 4 de maio de 2023, a memoria xustificativa asinada pola xefatura do servizo de mobilidade e seguridade, de data 30 de xuño de 2023, do Sr. Interventor Xeral do Concello, de data 6 de xullo de 2023 e o resto da documentación incorporada ao expediente.

CONSIDERACIÓNS

A base 30.1 do orzamento municipal xeral vixente establece que tramitarase expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para a imputación ao orzamento corrente de obrigas derivadas de gastos realizados en exercicios anteriores.

O recoñecemento extraxudicial esixe:

- a) Recoñecemento das obrigas mediante explicación circunstanciada de tódolos condicionamentos que orixinaron as actuacións.
- b) Existencia de dotación orzamentaria específica para a imputación do gasto.

A competencia para o recoñecemento extraxudicial de créditos, correspóndelle neste caso ao Pleno.

PROPOSTA

A vista do exposto, propónse de conformidade co disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título VI da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de Orzamentos e a base 30.1 do orzamento vixente, que o Pleno da Corporación adopte o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e o abono dunha indemnización substitutiva recoñecendo a débeda contraída, pola liquidación dos gastos correspondentes ao servizo de transporte urbano de viaxeiros da liña urbana entre a Porta do Camiño e a Peregrina e Grixoa, do ano 2022, por importe de douscentos sesenta e tres mil noventa euros con setenta e seis céntimos (263.090,76.-), a favor de Autos Carballo S.L.U. con CIF B15067416, con imputación orzamentaria á aplicación 060/44110/4790000.”

Os asuntos foron debatidos e votados conxuntamente.

Á vista da documentación que figura no expediente, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE) e 10 abstencións

correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PP, acorda:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e o abono dunha indemnización substitutiva recoñecendo a débeda contraída, pola liquidación dos gastos correspondentes ao servizo de transporte urbano de viaxeiros da liña urbana entre a Porta do Camiño e a Peregrina e Grixoa, do ano 2022, por importe de douscentos sesenta e tres mil noventa euros con setenta e seis céntimos (263.090,76.-), a favor de Autos Carballo S.L.U. con CIF B15067416, con imputación orzamentaria á aplicación 060/44110/4790000.

3. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2023/00029280M.

APROBAR O EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO DE DÉBEDA E ABONO DUNHA INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA, POLA LIQUIDACIÓN DOS GASTOS CORRESPONDENTES AO SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO DE VIAXEIROS DA LIÑA URBANA ENTRE A RÚA DA ROSA E O POLÍGONO DO TAMBRE, DO ANO 2022, POR IMPORTE 69.370,34 €, A FAVOR DE AUTOS GARABANXA S.L.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

Vistos os informes emitidos polo Director Xerente da Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, S.A. con data 5 de maio de 2023, a memoria xustificativa asinada pola xefatura do servizo de mobilidade e seguridade, de data 30 de xuño de 2023, o informe do Sr. Interventor Xeral do Concello, de data 4 de xullo de 2023 e o resto da documentación incorporada ap expediente.

CONSIDERACIÓNS

A base 30.1 do orzamento municipal xeral vixente establece que tramitarase expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para a imputación ao orzamento corrente de obrigas derivadas de gastos realizados en exercicios anteriores.

O recoñecemento extraxudicial esixe:

- a) Recoñecemento das obrigas mediante explicación circunstanciada de tódolos condicionamentos que orixinaron as actuacións
- b) Existencia de dotación orzamentaria específica para a imputación do gasto.

A competencia para o recoñecemento extraxudicial de créditos, correspóndelle neste caso ao Pleno.

PROPOSTA

A vista do exposto, propónse de conformidade co disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título VI da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de Orzamentos e a base 30.1 do orzamento vixente, ao Pleno da Corporación adopte o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e aprobar unha indemnización substitutiva recoñecendo a débeda contraída, pola liquidación dos gastos correspondentes ao servizo de transporte urbano de viaxeiros da liña urbana

entre a rúa da Rosa e o Polígono do Tambre, do ano 2022, por importe de sesenta e nova mil trescentos setenta euros con trinta e catro céntimos (69.370,34.-), a favor de Autos Garabanxa S.L. con CIF B15361355, con imputación orzamentaria á aplicación 060/44110/4790000.”

Á vista da documentación que figura no expediente, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PP, acorda

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e aprobar unha indemnización substitutiva recoñecendo a débeda contraída, pola liquidación dos gastos correspondentes ao servizo de transporte urbano de viaxeiros da liña urbana entre a rúa da Rosa e o Polígono do Tambre, do ano 2022, por importe de sesenta e nova mil trescentos setenta euros con trinta e catro céntimos (69.370,34.-), a favor de Autos Garabanxa S.L. con CIF B15361355, con imputación orzamentaria á aplicación 060/44110/4790000.

4. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2023/00029215D.
APROBAR O EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO DE DÉBEDA E ABONO DUNHA INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POLA LIQUIDACIÓN DOS GASTOS CORRESPONDENTES AO SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO DE VIAXEIROS DA LIÑA ENTRE SANTIAGO E VILLESTRO, DO ANO 2022, POR IMPORTE DE 99.464,78. €, A FAVOR DA EMPRESA HERMANOS FERRÍN S.L.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

Vistos os informes emitidos polo Director Xerente da Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, S.A. con data 27 de abril de 2023, a memoria xustificativa asinada pola xefatura do servizo de mobilidade e seguridade, de data 30 de xuño de 2023, o informe de fiscalización do Sr. Interventor Xeral do Concello, de data 4 de xullo de 2023 e o resto da documentación incorporada ao expediente

CONSIDERACIÓNS

A base 30.1 do orzamento municipal xeral vixente establece que tramitarase expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para a imputación ao orzamento corrente de obrigas derivadas de gastos realizados en exercicios anteriores.

O recoñecemento extraxudicial esixe:

- a) Recoñecemento das obrigas mediante explicación circunstanciada de tódolos condicionamentos que orixinaron as actuacións.
- b) Existencia de dotación orzamentaria específica para a imputación do gasto.

A competencia para o recoñecemento extraxudicial de créditos, correspóndelle neste caso ao Pleno.

PROPOSTA

A vista do exposto, propónse de conformidade co disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título VI da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de Orzamentos e a base 30.1 do orzamento vixente, ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e aprobar unha indemnización substitutiva recoñecendo a débeda contraída, pola liquidación dos gastos correspondentes ao servizo de transporte urbano de viaxeiros da liña entre Santiago e Vilvestro, do ano 2022, por importe de noventa e nove mil catrocentos sesenta e catro euros con setenta e oito céntimos (99.464,78.-), a favor da empresa Hermanos Ferríns S.L., con CIF B15069958, con imputación orzamentaria á aplicación 060/44110/4790000.”

Á vista da documentación que figura no expediente, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PP, acorda:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e aprobar unha indemnización substitutiva recoñecendo a débeda contraída, pola liquidación dos gastos correspondentes ao servizo de transporte urbano de viaxeiros da liña entre Santiago e Vilvestro, do ano 2022, por importe de noventa e nove mil catrocentos sesenta e catro euros con setenta e oito céntimos (99.464,78.-), a favor da empresa Hermanos Ferríns S.L., con CIF B15069958, con imputación orzamentaria á aplicación 060/44110/4790000.

5. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2023/00030395Q.
APROBAR O EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO DE DÉBEDA E ABONO DUNHA INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA, POLA LIQUIDACIÓN DOS GASTOS CORRESPONDENTES AO SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO DE VIAXEIROS DA LIÑA 6 ENTRE SAN ROQUE E ARÍNS, DO ANO 2022, POR IMPORTE DE 46.661,45 €, A FAVOR DE AUTOCARES RIAS BAIXAS S.L.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ ANTECEDENTES

Vistos os informes emitidos polo Director Xerente da Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, S.A. con data 6 de xullo de 2023, a memoria xustificativa asinada pola xefatura do servizo de mobilidade e seguridade, de data 7 de xullo, o informe do Sr. Interventor Xeral do Concello, de data 10 de xullo de 2023 e o resto da documentación incorporada ao expediente.

CONSIDERACIÓNS

A base 30.1 do orzamento municipal xeral vixente establece que tramitarase expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para a imputación ao orzamento corrente de obrigas derivadas de gastos realizados en exercicios anteriores.

O recoñecemento extraxudicial esixe:

a) Recoñecemento das obrigas mediante explicación circunstanciada de tódolos condicionamentos que orixinaron as actuacións.

b) Existencia de dotación orzamentaria específica para a imputación do gasto.

A competencia para o recoñecemento extraxudicial de créditos, correspóndelle neste caso ao Pleno.

PROPOSTA

A vista do exposto, propónse de conformidade co disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título VI da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de Orzamentos e a base 30.1 do orzamento vixente, que o Pleno da Corporación adopte o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e o abono dunha indemnización substitutiva recoñecendo a débeda contraída, pola liquidación dos gastos correspondentes ao servizo de transporte urbano de viaxeiros da liña 6 entre San Roque e Aríns, do ano 2022, por importe de corenta e seis mil seiscientos sesenta e un euro con corenta e cinco céntimos (46.661,45.-), a favor de Autocares Rias Baixas S.L. con CIF B36019990, con imputación orzamentaria á aplicación 060/44110/4790000.”

Á vista da documentación que figura no expediente, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PP, acorda:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e o abono dunha indemnización substitutiva recoñecendo a débeda contraída, pola liquidación dos gastos correspondentes ao servizo de transporte urbano de viaxeiros da liña 6 entre San Roque e Aríns, do ano 2022, por importe de corenta e seis mil seiscientos sesenta e un euro con corenta e cinco céntimos (46.661,45.-), a favor de Autocares Rias Baixas S.L. con CIF B36019990, con imputación orzamentaria á aplicación 060/44110/4790000.

6. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2023/00030363F.

APROBAR O EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO DE DÉBEDA E ABONO DUNHA INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA, POLA LIQUIDACIÓN DOS GASTOS CORRESPONDENTES AO SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS DO ANO 2022, POR IMPORTE DE 374.526,09 €, A FAVOR DE “AUTOBUSES URBANOS DE LUGO Y TRAP, S.A., UTE LEI 18/1982”.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

Vistos os informes emitidos polo Director Xerente da Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, S.A. con data 6 de xullo de 2023, a memoria xustificativa asinada pola xefatura do servizo de mobilidade e seguridade, de data 7 de xullo de 2023, o informe de fiscalización do Sr. Interventor Xeral do Concello, de data 10 de xullo de 2023, e o resto da documentación incorporada ao expediente.

CONSIDERACIÓNS

A base 30.1 do orzamento municipal xeral vixente establece que tramitarase expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para a imputación ao orzamento corrente de obrigas derivadas de gastos realizados en exercicios anteriores.

O recoñecemento extraxudicial esixe:

a) Recoñecemento das obrigas mediante explicación circunstanciada de tódolos condicionamentos que orixinaron as actuacións.

b) Existencia de dotación orzamentaria específica para a imputación do gasto.

A competencia para o recoñecemento extraxudicial de créditos, correspóndelle neste caso ao Pleno.

PROPOSTA

A vista do exposto, propónse de conformidade co disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título VI da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de Orzamentos e a base 30.1 do orzamento vixente, propoño que o Pleno da Corporación adopte o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e aprobar unha indemnización substitutiva recoñecendo a débeda contraída, pola liquidación dos gastos correspondentes ao servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros do ano 2022, por importe de trescentos setenta e catro mil cincocentos vinte e seis euros con nove céntimos (374.526,09.-), a favor de “Autobuses Urbanos de Lugo y Trap,S.A., UTE Ley 18/1982” (CIF: U70032974), con imputación orzamentaria á aplicación 060/44110/4790000.”

Á vista da documentación que figura no expediente, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PP, acorda:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito e aprobar unha indemnización substitutiva recoñecendo a débeda contraída, pola liquidación dos gastos correspondentes ao servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros do ano 2022, por importe de trescentos setenta e catro mil cincocentos vinte e seis euros con nove céntimos (374.526,09.-), a favor de “Autobuses Urbanos de Lugo y Trap,S.A., UTE Ley 18/1982” (CIF: U70032974), con imputación orzamentaria á aplicación 060/44110/4790000.

A alcaldesa pecha a sesión ás 09:20 horas. Dou fe.

